

LONGLEGS

Oz Perkins, 2024


1361

ESTREA EN NUMAX: 09.08.2024 | V.O.S.E. | +16 | 101 min

Mentres o FBI intenta atrapar a un retorcido asasino en serie, unha axente descobre unha serie de pistas que poderían levala ata o criminal e poñer fin a súa terrorífica vaga de asasinatos.

«Unha experiencia escuramente perturbadora que palpita cunha maldade implacable»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



O horror posto en escena

Por Desirée de Fez

Longlegs supón, dado o éxito en Estados Unidos, o recoñecemento definitivo de Osgood Perkins (*A enviada do mal*, 2015), quen ata agora non rompera o teito do cineasta de culto. Pero era un cineasta de culto e, resumíndoo moito, as razóns dese culto eran unha forma atípica de abrazar os xéneros de terror, unha concepción do relato (estrutura, ritmo, personaxes) afastada das convencións, unha escorregadiza e á vez perturbadora reflexión sobre o mal como algo abstracto e incontrolable e, sobre todo, unha preocupación evidente por poñer en escena o horror. Quizais isto último sexa o máis rechamante, basicamente porque non é práctica común no terror contemporáneo.

Perkins pon en escena, pensa as imaxes e é tan creativo na súa concepción do plano como na súa maneira inesperada de fendelo. En *Longlegs* volve estar todo iso. E, nos seus aproximadamente primeiros cincuenta minutos (e iso son moitos minutos), levado ao límite. Quizais a primeira metade deste cruce de thriller e filme de terror, con moito de reinterpretación d'*O silencio dos cordeiros* (1991), sexa o mellor que rodou Perkins, empezando por un magnífico prólogo. Todo nesa parte funciona: a representación esteticista, alucinada e estrañamente sosegada dos escenarios da historia, a psicoloxía hermética da protagonista (Maika Monroe) e a presentación dosificada de *Longlegs* (Nicolas Cage), o monstro e o incomodísimo choque entre a súa natureza grotesca (magnífico deseño de personaxes) e a contención do resto.

Publicado en elperiodico.com

Puro combustible para pesadelos

Por Ricardo Rosado

Coas luces xa apagadas, *Longlegs* comeza xogando co formato para conxelarnos o sangue cun prólogo que funciona como un primeiro feitizo, embruxo presentado por uns coidados créditos iniciais que nos rodean cunha presentación de personaxes aínda máis aterradora e crúa. Eses tres primeiros envites de Oz Perkins, director e guionista do filme, inmovilizan un público xa cativo ante a mestría dun cineasta que, por fin, deu cun relato co que demostrar o magneticamente enfermo poder da súa imaxinería audiovisual.

Maika Monroe, raíña absoluta do terror moderno máis estético tras protagonizar en 2014 as irresistibles *It Follows* (D. Robert Mitchell) e *The Guest* (A. Wingard), reivindica a súa posición no trono encarnando unha axente do FBI que deberá resolver o truculento caso dun asasino en serie. Aínda que inevitablemente isto nos faga pensar n'*O silencio dos cordeiros* (J. Demme, 1991), Perkins non tarda en amosarse moito máis interesado en unir a Clarice con Buffalo Bill que con Lecter, deixando os personaxes cara a cara co descoñecido para, facendo algunha parada en *Zodiac* (D. Fincher, 1991), rematar convertendo a súa colección de imaxes e sons do averno en puro combustible para pesadelos.

Publicado en fotogramas.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Reina del grito,
Desirée de Fez.
Blackie Books, 2024

El dragón rojo,
Thomas Harris.
Debolsillo, 2003

*Eso no estaba en mi libro de
cine de terror*,
Antonio Míguez Santa Cruz.
Almuzara, 2024